

Programa Electoral
Municipais 2023



**UNHA
NOVA GALIZA**

Nigrán

**CONCELLO
A CONCELLO**



NIGRÁN MERECE MÁIS

O BNG é unha organización política que basea o seu xeito de existir no amor polo país e defende con entusiasmo un modelo de desenvolvemento sostible e xusto.

Queremos un Nigrán ordenado, conformado por núcleos urbanos e rurais ben atendidos, poñendo en valor o seu patrimonio natural, paisaxístico, cultural e que oferte un turismo sustentable e de calidade.

Cun plan de desenvolvemento que estimule os sectores produtivos e a economía local.

1. FUNCIONAMENTO DO CONCELLO

Para poder levar a cabo unha xestión eficiente do Concello, desde o BNG defendemos a autonomía municipal e un sistema de financiamento xusto que permita atender eficazmente as necesidades da veciñanza e do territorio, cunha xestión transparente da vida municipal.

Promoveremos un uso eficiente e racional dos recursos públicos ao servizo da cidadanía, actuando con equidade no deseño do gasto e dos investimentos dirixidos ao noso territorio, atendendo tanto as necesidades das áreas urbanas como as do noso extenso rural.

Propiciaremos a elaboración dun plan económico para o mandato completo, no que queden estabelecidas as prioridades en materia de investimento, coas obras que se pretenden executar a medio prazo, e coas partidas que previsiblemente serán necesarias para a súa execución.

Priorizaremos aqueles gastos que respondan a obrigas legais e aquelas necesidades que se deben atender dende o Concello, restrinxindo calquera gasto superfluo e esixindo a corporación municipal exemplaridade na execución do orzamento. Neste sentido reduciremos drasticamente o gasto realizado sen seguir completa e absolutamente os procedementos legalmente previstos.

Defenderemos como criterio xeral, sempre que sexa posíbel, a xestión pública e directa dos servizos municipais. En calquera caso faremos novos concursos das concesións rematadas e que proseguen prestándose en precario.

Estudaremos e xestionaremos eficazmente a captación de recursos diante doutras administracións, incluídos os fondos de programas europeos (*Next Generation*). Aplicaremos unha política de impostos xusta e progresiva.

Revisaremos as condicións en que se encontran as instalacións e bens públicos de uso social dispersos por todo o municipio, as súas funcións actuais e a necesidade do seu funcionamento, reorientando os seus usos se for preciso.

2. EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Elaboraremos un plan de emprego e desenvolvemento local realista que, con perspectiva de futuro, poña en valor as potencialidades do municipio e estableza as liñas de traballo prioritarias que deben guiar as políticas municipais e do persoal técnico da administración local.

Apoiaremos as iniciativas empresarias que xurdan no municipio que contribúan a diversificación económica e o aproveitamento dos recursos locais, promovendo a instalación de industrias e empresas respectuosas co medio ambiente e xeradoras de emprego digno. Opoñémonos rotundamente, as actividades contaminantes ou que podan ir contra o benestar da veciñanza.

Defenderemos e promoveremos a produción local e apoiaremos o pequeno comercio de proximidade que contribúe positivamente ao mantemento da economía local e aporta calidade de vida a poboación. Utilizaremos todas as armas ao noso alcance para impedir novos asentamentos de centros comerciais.

Aproveitaremos a potencialidade turística de Nigrán para articular medidas que promovan un turismo sostible, responsable e de calidade.

Adoptaremos medidas para controlar que non se produza un uso abusivo dos espazos públicos relacionado coas actividades turísticas, evitando que ditas actividades poidan converterse nun problema para a vida normal dos veciños e veciñas e para a sostibilidade do medio natural.

Habilitaremos unha área de autocaravanas ao mesmo tempo que iremos restrinxindo o seu estacionamento nos areas.

Comprometémonos ao mantemento e coidado da calidade das praias de Nigrán, como ecosistemas naturais e como lugares de recreo, e a unha progresiva rexeneración do seu espazo.

Conformaremos e promoveremos unha ampla rede de rutas turísticas municipais, agrupando os distintos recursos turísticos xa constituídos, como é o caso das sendas litorais e do interior.

Colaboraremos cos sectores económicos e sociais implicados no deseño de espectáculos, feiras e eventos que poidan dinamizar o comercio e a empresa local e que incrementen a oferta de actividades de interese sociocultural, deportivo ou lúdico que teñan unha repercusión económica na localidade.

3. EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

Potenciaremos a educación, a cultura e o deporte en todos os ámbitos e promoveremos a mellora dos espazos e equipamentos para o seu desenvolvemento coa creación dunha Concellería de educación, cultura e deporte dotada con orzamento e persoal suficiente.

Impulsaremos a participación social na toma de decisións neste eido a través dos consellos sectoriais municipais.

Implicarémonos activamente na promoción da cultura e na protección e posta en valor do patrimonio histórico e cultural, integrando os valores do patrimonio e do territorio nas estratexias de fomento sociocultural, educativo e turístico, desenvolvendo accións que fomenten o seu coñecemento e difusión.

Colaboraremos coas nosas parroquias no desenvolvemento e celebración das festas populares. Velaremos pola preservación da toponimia tradicional e tomaremos medidas que eviten a deturpación manifesta dos nomes de lugar no noso municipio.

Defendemos o dereito da cidadanía a un ensino público e de calidade, polo que melloraremos as dotacións dos centros de ensino público de titularidade municipal e esixiremos á Xunta inversións nos da súa competencia, así como a implantación de novos ciclos formativos de formación profesional e a presenza de todas as modalidades de bacharelato no noso municipio.

Demandaremos a creación dun novo Centro de Formación Profesional en Porto do Molle que poda adecuar as súas especialidades ás necesidades de persoal das empresas alí asentadas.

Mobilizaremos recursos económicos, materiais e humanos para desenvolver dende o concello un amplo programa de accións educativas complementarias.

Optimizaremos o uso das instalacións deportivas facilitando o acceso a actividade deportiva de toda a poboación. Concluiremos a paralizada área deportiva de Porto do Molle.

Intensificaremos a utilización das infraestruturas e equipamentos deportivos e de ocio dos centros educativos públicos fóra do horario lectivo.

Potenciaremos e promoveremos a normalización social da lingua galega e o seu uso pleno en todas as esferas da vida municipal dun xeito activo, participativo e integrador, acudindo a todas as convocatorias de subvencións para contar de xeito continuado cun técnico de normalización lingüística no Concello.

Incluiremos explicitamente cláusulas sobre o emprego do idioma nas bases de contratación pública, axudas e subvencións.

Fomentaremos a recuperación da nosa memoria histórica para honrar aos defensores dos valores democráticos. Esixiremos a eliminación de calquera símbolo fascista do noso municipio.

4. SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

Dende o BNG reforzaremos os servizos sociais municipais e cooperaremos con outros equipos de traballo e asistencia social dependentes doutras entidades atendendo a situacións de emerxencia Social e a cobertura das necesidades básicas da poboación.

Incidiremos especialmente en situacións de vulnerabilidade relacionadas coa infancia e a conciliación laboral e familiar, así como á muller e a igualdade de xénero.

Reforzaremos a asistencia á inmigración e velaremos polo correcto acceso de toda a poboación a unha atención sanitaria axeitada.

Fomentaremos tamén a cooperación internacional e a defensa dos dereitos humanos promovendo o voluntariado entre a nosa veciñanza.

Apoiaremos programas solidarios destinados ás persoas refuxiadas e ofreceremos a nosa colaboración ás outras administracións para que Nigrán poida acoller persoas que proveñan de lugares con situacións de conflito.

Colaboraremos coas entidades e colectivos de persoas con capacidades diferentes para favorecer as súas actividades tendentes a a facilitar a súa plena integración social, a súa maior autonomía e o acceso ao emprego.

Garantiremos o aceso universal ás tecnoloxías da información e da comunicación.

Traballaremos a prol da igualdade en todos os seus aspectos.

Apoio á dependencia e persoas maiores.

Coidar a calidade de vida e a autonomía persoal durante o maior tempo posíbel e evitar as situacións de soidade e illamento das persoas maiores é unha prioridade para o BNG de Nigrán.

Converteremos o antigo edificio do centro de saúde de Panxón nun equipamento para persoas maiores cun centro de día público. Reclamaremos o apoio financeiro da Xunta de Galiza para a súa xestión. Estudaremos a posibilidade do seu uso mancomunado ao igual que o existente en Sabarís.

Desenvolveremos un programa de avellentamento activo, para favorecer a iniciativa das persoas maiores e previr a perda de facultades e autonomía persoal.

Esixiremos á Xunta de Galiza que exerza as súas competencias en materia de dependencia.

Demandaremos especialmente a dotación de prazas públicas de residencia para maiores.

5. MOCIDADE

Desenvolveremos unha atención específica ás necesidades da mocidade ofrecendo á xente moza alternativas e recursos que respondan aos seus intereses dentro do propio municipio.

Promoveremos a creación dunha casa da mocidade concibida como ente dinamizador e de participación do asociacionismo e da iniciativa da xente nova e dos estudantes, como local de reunión das asociacións e colectivos e como centro de información, atendendo as súas demandas de actividades sociais, culturais e deportivas, e procurando inserilas nas axendas e programas municipais.

Desenvolveremos campañas de información e formación dirixidas á xente nova, relacionadas con temas diversos como violencia de xénero, enfermidades de transmisión sexual, trastornos de alimentación, redes sociais, relacións afectivas, prevención de drogodependencias e ludopatía, emancipación, habilidades sociais ou emprego.

6. IGUALDADE

O concello será un axente activo contra a desigualdade, combatendo o machismo e a violencia de xénero.

Integraremos a perspectiva de xénero nas actuacións e políticas municipais e incluiremos a variable sexo nos estudos, estatísticas e informes que se elaboren.

Defenderemos a creación do Consello municipal da muller como elemento de participación comunitaria para o deseño, seguimento e avaliación das políticas municipais e como instrumento dinamizador do asociacionismo e da actividade das mulleres na nosa localidade.

Comprometémonos a darlle visibilidade ás mulleres en todo tipo de actividades que se organicen dende o concello.

Apoiaremos ás vítimas de violencia machista coa habilitación de recursos dentro do propio municipio.

Favoreceremos a formación e a mellora da cualificación das mulleres para mellorar as condicións laborais en sectores de emprego altamente feminizados e fomentar a incorporación en igualdade a postos de traballo tradicionalmente masculinizados.

Haberá un apoio institucional explícito ás convocatorias das asociacións de mulleres de condena da violencia machista.

7. XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL

Promoveremos un medio ambiente saudábel, cunha xestión racional dos recursos e a conservación de valores naturais.

Aplicaremos políticas transversais de medio ambiente, co obxectivo de potenciar os modos de vida responsábeis.

Favoreceremos o aproveitamento dos produtos locais, estimulando a posta en marcha de actividades de agricultura ecolóxica co fin comercial e de autoconsumo.

Reforzaremos as medidas de control e inspección ambiental que dependan dos servizos municipais e esixiremos a súa vixilancia ás outras administracións.

Dende o Concello promoveremos iniciativas de protección dos ecosistemas, espazos e recursos naturais cos que conta o municipio, como as áreas de montaña, os vales, ríos e os espazos costeiros. Tamén os espazos de uso agrario e forestal.

Promoveremos un Plan de rexeneración integral da foz do Miñor e a súa marisma co obxectivo de recuperar os bancos marisqueiros e a súa biodiversidade.

Acometeremos o saneamento do río Muíños e a súa desembocadura e a ampliación da súa senda por ambas ribeiras.

No mesmo sentido ampliaremos o espazo dunar rexenerado do areal de Lourido-Panxón.

Queremos que os montes de Nigrán deixen de ser un monocultivo de eucalipto e fomentaremos repoboacións con especies autóctonas para poder poñer en valor o monte e as súas inxentes potencialidades.

Defendemos un uso sostible dos recursos hídricos e un tratamento eficiente no referido ao ciclo da auga. Colaboraremos coas comunidades de augas para garantir calidade e cantidade suficiente nos núcleos rurais que contan con este sistema de subministro.

Colaboraremos no control de vertidos ilegais e na persecución dos infractores.

Dende o BNG, estamos a prol dunha xestión de residuos sostible. Cooperaremos para crear alternativas viábeis e mais eficientes fronte a SOGAMA e as súas dioxinas e promoveremos campañas de redución de residuos, reciclaxe e reutilización dos produtos así como favorecer a compostaxe doméstica e optimizar os sistemas de recollida selectiva. Adherirémonos ao plan de compostaxe da Deputación de Pontevedra.

Favoreceremos a contratación de enerxía que proceda de fontes renovables e promoveremos as comunidades enerxéticas locais. Demandaremos unha tarifa eléctrica galega.

8.XESTIÓN URBANÍSTICA

O noso modelo de urbanismo pasa por socializar as vantaxes da planificación, frear os desenvolvementos urbanísticos illados e limitar ao máximo posible a capacidade para especular co solo, protexendo os nosos recursos e garantindo un medio saudábel que favoreza a vida da nosa poboación.

Traballaremos para acadar a aprobación dun Plan Xeral de Ordenación Municipal, que garanta a transparencia e o rigor na xestión urbanística e mellore a cohesión e calidade de vida da poboación

Esixiremos unha nova exposición pública do documento, despois de que transcorreran 10 anos dende que foi sometido á información pública e sofrese importantes modificacións.

Apoiaremos políticas de vivenda acordes cun modelo sostible de ordenación do territorio, que promovan o acceso a vivendas dignas.

Promoveremos a habilitación de vivenda protexida no municipio.

Estimularemos o mercado de vivenda en alugueiro, que aproveite o patrimonio inmobiliario existente e ofrezca alternativas de vivenda na localidade as persoas residentes que opten por esta modalidade.

Dende o marco de competencias municipais, procuraremos incidir positivamente na conservación da arquitectura popular e o coidado do hábitat tradicional.

9.MOBILIDADE

Traballaremos a prol dun municipio ben conectado que impulse un novo modelo de mobilidade sustentábel con servizos de transporte público eficientes e que recupere para a xente os espazos públicos.

Seguiremos a demandar a gratuidade de AG57 como forma de contribuír a desconxestionar as vías secundarias do Val Miñor.

Facilitaremos e melloraremos os tránsitos peonís e o uso das bicicletas. Promoveremos a recuperación de camiños para fomentar os desprazamentos a pé e crearemos unha rede de carrís bici que conecten as diferentes parroquias de forma segura.

Apostaremos polo calmado do tráfico nos núcleos de poboación.

Introduciremos nos arredores dos nosos areais medidas de control do tránsito rodado e faremos unha política de aparcadoiros que estará dirixida a garantir a seguridade dos usuarios das praias, o tránsito de peóns, o acceso dos residentes ás súas casas e o dereito da cidadanía ao lecer.

Ampliaremos os espazos de uso público na liña das políticas do BNG de recuperación do territorio para a xente.

10. VAL MIÑOR

Reforzaremos a cooperación cos concellos miñoráns e fomentaremos unha maior e efectiva actividade da Mancomunidade de Municipios do Val Miñor.

Avogaremos por ampliar os servizos e equipamentos de xestión mancomunada.

Consideramos que as necesidades do territorio miñorán fan recomendábel a adopción dunha visión supra municipal que promova estratexias e iniciativas compartidas polos tres concellos na rede de infraestruturas básicas, de transporte público, emprego e desenvolvemento local, servizos sociais, sanidade ou turismo.

Promoveremos accións e medidas concretas para rexenerar os nosos espazos naturais, con especial atención á Foz do Miñor, e as serras de A Groba e o Galiñeiro.

Modificaremos os estatutos da Mancomunidade para facela máis operativa, ampliando o período rotatorio da presidencia.

Demandaremos da Xunta de Galiza melloras na atención sanitaria do Val Miñor, cunha ampliación dos servizos de radioloxía, fisioterapia e a Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde da Xunqueira.

Buscaremos realizar un convenio coa Xunta de Galiza para a creación dunha residencia pública mancomunada no Val Miñor para as persoas maiores.

Procuraremos a xestión mancomunada do actual Conservatorio elemental de música de Gondomar, demandando á Xunta de Galiza a implantación dun Conservatorio de grao profesional que permita continuar os estudos regrados de música na nosa comarca.

Crearemos un centro de animais abandonados ante o desamparo da Xunta aos concellos nesta cuestión.

Procuraremos a xestión directa da piscina mancomunada, evitando os problemas e conflitos de intereses que crea a súa concesión. Impulsaremos un uso social dela, con servizos terapéuticos e programas para persoas con capacidades diferentes.

Buscaremos a eficiencia enerxética coa súa bioclimatización.

Dotaremos ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal coa dimensión precisa para prestar o servizo necesario a unha área de case 50.000 habitantes.

Demandaremos das outras administracións a colaboración precisa para construír unhas novas instalacións nun emprazamento axeitado.

Nigrán, maio de 2023.

Bloque Nacionalista Galego de Nigrán